

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **3 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA RAMÓN NIETO. EXPTE. 2591/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 02/12/14, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

"A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

cl

4.- Propostas de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto" (expediente 2591-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 14-11-2014, 17-11-2014, 24-11-2014, 26-11-2014, 27-11-2014 e 02-12-2014 e dos informes do xefe de Area de Fomento e do enxeñeiro técnico de obras públicas de 21-11-2014, e do xefe de Area de Fomento de 26-11-2014, 01-12-2014 e 02-12-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Propoñer a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto"de COPCISA, S.A., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ramón Nieto" (expediente 2591-440), no seguinte orde decrecente:

	LICITADOR	PUNTOS
1	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	97,51
2	ORECO, S.A.	89,23
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	84,43
4	CIVISGLOBAL, S.L.	84,27
5	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	84,15
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	79,53
7	ORESA, S.L.	78,52
8	HORDESCON, S.L.	74,44
9	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES AROSA, S.L.	66,46
10	CONSTRUCCÍONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	36,26

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FEC.*

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a tres de decembro do ano dous mil catorce.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.